

DECRETO.- Ourense, 24 de xullo de 2019.

Vistas as bases da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes ao exercicio 2019.

Visto o ditame da Comisión de Valoración de data de 2 de xullo de 2019, polo que formula a proposta provisional de resolución do concurso para a concesión das subvencións.

Considerando, o abeiro do previsto na base sétima.4 das bases da convocatoria do concurso, que transcorridos dez días hábiles, dende que foi publicada a devandita proposta provisional de resolución do concurso para a concesión das subvencións, sen que se houberan presentado alegacións a mesma, a proposta provisional convertese en definitiva.

Considerando as atribucións concedidas ó Presidente do Inorde, por delegación da Comisión Executiva, o abeiro do establecido no artigo 12.2.1) do Estatutos do Inorde, en relación co artigo 11.f) dos ditos Estatutos, conforme o disposto na base sétima, apartado 1 das bases da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes ao exercicio 2019, o Presidente do Inorde é competente para aprobar este expediente.

ACORDO:

Resolver o concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes ó exercicio 2019, nos seguintes termos:

1º) **Conceder**, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:

concello	produto	puntos	reparto
Muiños	Festa das sopas de burro cansado (29ª ed) do galo pica no chan (15ª ed) do becerro do Xurés o espeto (3ª ed)	10,02	1.816,20
Parada do Sil	Festa da pisa da castaña, feira de produtos locais	2,68	485,77
O Barco de Valdeorras	XIX Festa do botelo	16,76	3.037,88
O Bolo	XII Festa da vitela	9,22	1.671,20
Vilariño de Conso	XXX Festa do cabrito	6,58	1.192,68
Riós	XXV Festa da castaña e do cogumelo	4,16	754,03
A Rúa	Bacofesta 2019	13,61	2.466,92
Piñor	IV Festa dos callos	3,12	565,52
Leiro	XXX Festa da Vedimia	11,07	2.006,53
Montederramo	XXVI Festa da carne	14,75	2.673,55
Chandrexa de Queixa	X Festa gastronómica do cordeiro	10,09	1.828,89
Ribadavia	56ª Feira do viño do Ribeiro	12,30	2.229,47
Viana do Bolo	XLIX Festa da androlla	37,76	6.844,30
Monterrei	X Festa da Boga	2,68	485,77
Verín	XIV Feira do viño D.O. Monterrei	11,73	2.126,16
Oímbra	XXII feira do pemento de Oímbra	5,88	1.065,80
O Carballiño	Festa do pulpo 2019	50,00	9.062,90
Pobra de Trives	XLVI Festa da bica de Trives	12,38	2.243,97
A Veiga	Accións de promoción e posta en valor de produtos de A Veiga II	29,04	5.263,73
Cortegada	X Feira de artesanía e do porco celta	6,67	1.208,99
Castro Caldelas	Xornada promocional do viño e da bica	2,63	476,71
A Teixeira	Festa do viño novo	2,72	493,02
		275,85	50.000,00

2º) No caso de que, con anterioridade ao vencemento do prazo de xustificación se producisen remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, repartiranse automaticamente entre os demais beneficiarios, aplicando a valoración contida na presente proposta, e sempre que a contía finalmente concedida non supere o importe solicitado nin o límite de 12.000 € establecidos na base cuarta da convocatoria.

3º) Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, na páxina <http://www.inorde.com> e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Así o ordenou e asinou o Sr. Presidente do Inorde, no lugar e data arriba indicados, do que eu, Secretario, dou fe.



O PRESIDENTE DO INORDE

Rosendo Luis Fernández Fernández



O SECRETARIO XERAL DA
DEPUTACIÓN DE OURENSE

Francisco Cacharro Gosende